XERENTE DA ÁREA SANITARIA LUGO-A MARIÑA-MONFORTE DE LEMOS.

As persoas abaixo asinantes, veciñas e veciños do concello de Ourol, así como tamén doutros concellos da Mariña demandan que de xeito inmediato se cubran todas as ausencias do persoal facultativo, pois a non cobertura de xeito estable(mesma persoa), todos os días e durante toda a quenda supón:

- Deixar unha poboación avellentada, con moita dispersión xeográfica e con dificultades para o desprazamento en moitos casos, sen ningún médico a maior parte dos días.

- Un déficit de atención á maioría das modalidades da asistencia sanitaria (persoas citadas, demanda,urxencias, domicilios), xa que habitualmente a substitución é con axenda pechada.

-Moitas dificultades para establecer unha comunicación terapeútica óptima, nun clima de confianza e atención incompleta ao seguimento e control de procesos crónicos así como unha merma no control dos factores que inciden no desenvolvemento das enfermidades(físicos, psicolóxicos, emocionais, sociais), impedindo que se acade unha asistencia sanitaria de calidade, de proximidade e equitativa.

NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLO	SINATURA